



## **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN**

**EXPEDIENTE: PARA A SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA LAVADORA CON BARREIRA SANITARIA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (SEIS).**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

*"Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

*1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."*

### **DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

#### **1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN**

Centro xestor propoñente: Convivencia

Unidade encargada do seguimento da execución do contrato: Parque de bombeiros.

#### **2. OBXECTO DO CONTRATO**

Co fin de desinfectar e hixienizar os traxes de intervención e o diferente vestiario do persoal de bombeiros e así evitar a transmisión de posibles riscos canceríxenos, propónse a compra dunha lavadora con barreira sanitaria.

O presente prego ten por obxecto regular e definir as obrigacións, condicións, actividades específicas que rexerán a contratación, subministración, recepción, posta en funcionamento dunha lavadora con barreira sanitaria para o Servizo de Extinción de



Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela, así como a posta en funcionamento da programación de cada un dos procesos de lavado (que estean definidos ou se definan), debidamente conxionados e en funcionamento cos equipos dosificadores de deterxentes.

A prestación do servizo de subministración da lavadora realizarase na lavandería do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

### **3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Aberto

### **4.- DIVISIÓN POR LOTES**

Non procede a división por lotes ao tratarse dunha única lavadora a adquirir.

### **5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR**

Co fin de desinfectar e hixienizar os traxes de intervención e o diferente vestiario do persoal de bombeiros, debido aos diferentes axentes canceríxenos que pode atoparse un bombeiro nun incendio, como poden ser os hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAH'S) ou compostos orgánicos volátiles (COV'S). Así pois, para evitar a transmisión de posibles riscos canceríxenos faise necesario a compra dunha lavadora con barreira sanitaria.

### **6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

*(Débese indicar a clasificación se é obrigatoria esixila art. 77)*

*O contratista deberá ter unha solvencia técnica do material da lavadora de barreira sanitaria.*

### **7.- NOMENCLATURA (CPV)**

*(Indicar se é coñecida polo centro xestor, no caso contrario indicar neste apartado que "Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares")*

### **8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

O orzamento sen iva do contrato obxecto do presente procedemento establécese na cantidade de:



|  |                    |
|--|--------------------|
| <b>ORZAMENTO BASE:</b>                         | <b>41.000 €</b>    |
| <b>TIPO IVE APLICABLE:</b>                     | <b>21%</b>         |
| <b>IMPORTE IVE:</b>                            | <b>8.610,00 €</b>  |
| <b>ORZAMENTO BASE LICITACIÓN IVE INCLUÍDO:</b> | <b>49.610,00 €</b> |

#### **9. APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Núm. Aplicación orzamentaria:060-13600-63300

Existencia de cofinanciación

UNESPA: 2018 3 UNESP 19 1

#### **10.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

|  |                    |
|--|--------------------|
| <b>ORZAMENTO BASE:</b>                         | <b>41.000 €</b>    |
| <b>TIPO IVE APLICABLE:</b>                     | <b>21%</b>         |
| <b>IMPORTE IVE:</b>                            | <b>8.610,00 €</b>  |
| <b>ORZAMENTO BASE LICITACIÓN IVE INCLUÍDO:</b> | <b>49.610,00 €</b> |

#### **11.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS**

**30 días**

#### **12.- ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA**

Nun único pago.

---

*Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019*

**o CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E FESTAS**

  
**Gonzalo Muíños Sánchez**

